

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O INSTITUTO CULTURA, CIENCIA Y TECNOLOGÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA NO ANO 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar co Instituto Cultura, Ciencia y Tecnología o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto de Cultura, Ciencia y Tecnología para o desenvolvemento, no ano 2017, da seguinte actividade de divulgación científica:

- A edición e publicación periódica (2 números) da revista de carácter gratuíto “INVESTIGACIÓN – cultura, ciencia e tecnoloxía” como instrumento de visibilidade e aproximación dos investigadores e dos seus traballos á sociedade en xeral e en particular ao tecido industrial e empresarial, presentando os novos coñecementos científicos e fomentando a transferencia e difusión de tecnoloxía.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o ICCT, constituído ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dotada con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar de acordo coa lexislación vixente sobre asociacións.

Segundo o artigo 2 dos seus estatutos, o ICCT ten entre os seus fins: promover actuacións de investigación, culturais, científicas ou tecnolóxicas; apoiar e favorecer actividades investigadoras, culturais e científicas; promover foros de carácter científico e cultural; publicar libros, boletíns ou revistas: investigación, científicas, universitarias, culturais, artísticas e tecnolóxicas; colaborar con universidades, institutos, laboratorios, centros de investigación, tanto públicos como privados, na realización de proxectos de cultura, ciencia e tecnoloxía; estimular e crear premios para estudantes, universitarios e calquera persoa ou institución que promova ou traballe pola cultura e a ciencia; organizar con empresas e institucións a realización de proxectos ou actos científicos e culturais...

O ICCT ten como misión a divulgación da ciencia e a tecnoloxía, así como potenciar a relación cos centros de investigación, empresas e institucións, servindo á sociedade, en especial ao tecido empresarial e industrial, de canal condutor coa actividade investigadora e científica de Galicia.

2. Que nas datas 7 de xullo de 2014, 25 de xuño de 2015 e 16 de xuño de 2016 a Axencia Galega de Innovación asinou convenios de colaboración co ICCT para financiar esta actividade durante os anos 2014, 2015 e 2016 respectivamente, e en vista dos resultados acadados desexa continuar con este apoio durante o ano 2016.
3. Que a difusión e divulgación da ciencia e a innovación é un elemento motor do desenvolvemento económico e do benestar social. Todo isto aglutina unha serie de accións propias e outras de dinamización da divulgación da I+D+I por parte



dos axentes do Sistema Galego de Innovación, co obxectivo de fomentar a cultura científico-tecnolóxica e da innovación a nivel social a través da organización de eventos participativos e da comunicación de experiencias exitosas baseadas na innovación a través dos medios de comunicación tanto convencionais (prensa, radio e televisión) como emerxentes (internet e, en especial, as redes sociais).

Neste sentido concíbese a difusión e divulgación da I+D+i como unha tarefa transversal con obxectivos como:

- Proxectar a investigación e a súa valorización, proxectar a innovación, como unha forma de responsabilidade social corporativa, como un modo de concretar eficientemente estratexias corporativas e como unha forma competente de encarar o desenvolvemento profesional.
- Potenciar unha cultura da innovación eficiente, tolerante ao fracaso emprendedor e con capacidade de recoñecemento para con aqueles que arriscan desde a innovación e o emprendemento.
- Establecer accións continuadas para a sensibilización social da importancia da investigación, a ciencia, a tecnoloxía, o desenvolvemento e a innovación teñen para as sociedades avanzadas.

Neste sentido, xerar interese pola ciencia, espertar vocacións investigadoras, facer pedagogía da valorización ou proxectar boas prácticas de innovación son aspectos fundamentais dunha política de I+D+i que quere desenvolver un cambio cultural respecto da ciencia e da innovación, situándoas como alicerces determinantes do futuro colectivo.

Por outra banda, o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, define como obxectivo transversal o impulso da cultura da innovación tendo como fins, entre outros, o fomento da innovación dos principais actores dos sectores impulsando o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que melloren a súa competitividade exterior e incrementen o valor engadido dos produtos e servizos que ofrecen no mercado e o posicionamento da Administración como



elemento tractor da creación dunha cultura innovadora en toda a sociedade e da promoción da incorporación de innovacións no mercado.

4. Que é intención da Axencia Galega de Innovación colaborar co Instituto Cultura, Ciencia y Tecnología para potenciar o espírito científico, tecnolóxico e innovador a través da difusión e divulgación da ciencia, a tecnoloxía e a innovación no marco do instrumento de difusión establecido na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia).
5. As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 8.000,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 100% con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0 (código de proxecto 2015 00016) dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

As actividades obxecto do convenio conleva gastos correntes como son o consumo de papel e tinta que son imputables ao capítulo catro, pero o conxunto de actividades e gastos imputables ao convenio da lugar a un investimento inmaterial que é a publicación dunha revista sobre I+D+i motivo que xustifica a imputación do convenio na aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0.

6. Que a Axencia Galega de Innovación, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar ao ICCT no desenvolvemento das actividades do expoñendo anterior por ser iniciativas de difusión e divulgación científico-técnica, na medida en que, a efectos do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, as devanditas actividades responden a un interese xeral de concienciar ao conxunto da sociedade galega sobre a importancia da I+D+I no desenvolvemento económico e no benestar social de Galicia.
7. Que dada a especificidade do obxecto do convenio,



8. non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que a revista “INVESTIGACIÓN – cultura, ciencia e tecnoloxía” do ICCT é unha das poucas publicacións de divulgación científica editadas e publicadas en Galicia que funciona de canle directo de transferencia ás empresas da I+D+i realizada nos centros de investigación. Cuestión de gran transcendencia xa que son as empresas as verdadeiras transformadoras dos activos de coñecemento en innovación e crecemento económico. Ademais de ser un elemento de sensibilización ao conxunto da sociedade da importancia da ciencia e a tecnoloxía para o desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 9 de febreiro de 2017.

